

ENCENA PRODUCCIONS ARTÍSTICAS

PRESENTA

EISENHOWER MORENO

ROBERTO CORDOVANI

(Premio de millor actor de Londres,
Madrid e Compostela)

MARGA DO VAL

AURORA RODRÍGUEZ E A SÚA FILLA HILDEGART

DE MARGA DO VAL

RODOLFO CHAVEZ ROSA
IGBEM

PLANTÍN DO OCEANO
CORREIROS DE PORTUGAL



FICHA TÉCNICA

AUTORA: Marga do Val

DIRECTOR: Roberto Cordovani.

BANDA SONORA: Eisenhower Moreno e Roberto Cordovani.

ILUMINACIÓN: Roberto Cordovani.

VESTIARIO: Carmen Pichel, Celia Barcala (Betty Novias) e Isolina Lorenzo Doval.

A HISTORIA

Nesta obra a autora (Marga do Val) entra na traxedia de dúas mulleres, Aurora Rodríguez Carballeira (Roberto Cordovani) e a súa filla Hildegart (Eisenhower Moreno), na súa propia casa, para escoitar as súas palabras. Aurora Rodríguez é unha muller nacida en Ferrol (Galicia) en 1879 e falecida no psiquiátrico de Ciempozuelos, en Madrid en 1955, unha muller que desexou ser nai e non dubidou en seleccionar ao home que lle permitiría ter nas súas mans unha boneca de carne, que ela ía modelar desde o momento da fecundación, para crear á muller perfecta que salvaría á humanidade, a súa filla, Hildegart. Hildegart Rodríguez Carballeira nace en Madrid en 1914. Nena prodixio, moza revolucionaria e feminista, escritora e ensaísta consagrada con 18 anos de idade. Pertence á Liga da Reforma Sexual e milita nas Xuventudes Socialistas, organización que abandona, despois de realizar unha dura crítica e ofrecer unha nova lectura da obra de Marx, para achegarse ao anarquismo. Un día a nai descobre que a súa obra, a estatua humana, non é perfecta e desexa ter vida propia, como a escultora insatisfeita, debe destruíla. Aurora Rodríguez mata a súa filla, o 9 de xuño de 1933. Esta traxedia percorre o mundo como Aurora desexaba: que se conte a miña historia en todas as linguas. A historia contouse.

A autora permanece atrapada entre as vidas e as obras de Aurora e a súa filla Hildegart, sen saber diferenciar entre unha e outra, ofrecendo moitas preguntas sobre a creación. No psiquiátrico as voces de Aurora, de Heloísa (Eisenhower Moreno) e dunha monxa (Marga do Val) que se move entre elas, ofrecen ao público, o baleiro da maternidade e as súas contradicións. Na atmosfera preséntese o cheiro a pólvora dos catro disparos que mataron a Hildegart, a inquedanza da arma e a morte simbólica da nai.

Marga do Val escribiu *Aurora Rodríguez e a súa moneca de carne* para a Compañía Arte Livre que foi estreada no Teatro Principal de Santiago de Compostela o 9 de decembro de 2002 e representada, con moito éxito de público e moi ben acollida pola crítica, en diferentes puntos de Galicia, en Valencia y en Portugal. En *Aurora Rodríguez e a súa filla Hildegart*, a autora reescribe a súa propia obra, centrándose, esta vez, na maternidade e na creación literaria.

A estrea desta nova obra ten lugar o 9 de decembro no Teatro Bambalinas de Buenos Aires, cando se cumpren 93 anos do nacemento de Hildegart Rodríguez Carballeira.

PERSONAXES POR ORDE DE ENTRADA EN ESCENA

AUTORA MARGA DO VAL

AURORA ROBERTO CORDOVANI

HILDEGART..... EISENHOWER MORENO

MONXA MARGA DO VAL

HELOÍSA EISENHOWER MORENO

MARGA do VAL, Vigo.

Escritora.

A súa relación coa Compañía Teatro Arte Livre comezou no ano 2002, cando se representaron a obras da súa autoría: *Belle Otero. O corpo que fala* e *Aurora Rodríguez e a súa boneca de carne*.

Asesora lingüística e literaria da Compañía de Teatro Arte Livre.

Asinante do Manifesto: *Teatro Arte Livre*, lido o 16 de marzo do 2006, na inauguración do Teatro Arte Livre.

Debuta como actriz no ano 2007 na obra: *Lolas. O espectáculo e as cancións que o nazismo prohibiu*.

En Trier (Alemaña) creou con Joachim Wormuth o Colectivo de Intervención Literaria *Novas palabras de Rosa Luxemburg*.

Coa escritora portuguesa Paula de Lemos creou o Grupo Poético *No embigo do mundo*, que levou a poesía galega e portuguesa por Alemaña, Luxemburgo, Bélxica, Portugal e Galiza. Froito desta experiencia é a publicación do libro *Entre dunas* (Espiral Maior, 2000).

Escribiu, entre outras obras, a novela *O prognóstico da lúa* (Ed. Obradoiro, 1997) e a biografía-ensaio *Carolina Otero* (Colección Mulleres, A Nosa Terra, 2002). Hai poemas seus en diversas antoloxías.

ROBERTO CORDOVANI

Actor, autor, director, iluminador e produtor teatral.

Fundador da Compañía Arte Livre do Brasil, en São Paulo (1976), e desde 1985 na Europa. Viaxou cos espectáculos por 9 países e máis de 360 cidades europeas. Premios Compostela de Teatro e Festival de Outono de Madrid, Premio no Festival de Edimburgo, Premio Individual de mellor actor de Londres pola súa interpretación como Greta Garbo en *Ollares de Perfil*, foi o primeiro latino en recibir estas distincións. En Arxentina, como Eva Perón, tivo 10 distincións pola Asociación de críticos de Buenos Aires. En Galiza dirixiu e representou, entre outras, as seguintes obras:

Ollares de Perfil (o mito de Greta Garbo), O Retrato de Dorian Gray, Todos os Homens, Eva Perón, Isadora Duncan, Orlando, Belle Otero (O corpo que fala), Aurora Rodríguez e a súa filla Hildegart, A volta do Parafuso, Evita, Eva Perón, Lolas - o espectáculo e as cancións que o nazismo prohibiu.

É autor do libro *Teatro brasileiro na Galiza* (Universidade da Coruña, 2002)

Director e propietario, con Eisenhower Moreno, do TAL, Teatro Arte Livre de Vigo, inaugurado en marzo do 2006.

EISENHOWER MORENO

Actor, autor, director, iluminador e produtor teatral.

Eisenhower Moreno, formado en Arte Dramático na Facultade da Cidade do Río de Xaneiro. Fundador da Compañía ArtShow. Premiado como Mellor Actor, Mellor Escenario, Mellor Vestiario, Mellor Espectáculo e Dirección no Festival FHC de Teatro en Río de Xaneiro, coa obra *O Castelo de Sonhos*. Recibiu o Premio Mellor Actor Rosane Goffman, pola súa interpretación na obra *Inspector Geral*. Forma parte da Compañía Teatro Arte Livre, desde o ano 2002, coa súa chegada concíbense os espectáculos teatrais: *Belle Otero (O Corpo que fala)* e *Aurora Rodríguez e a súa boneca de carne* de Marga do Val, *A Volta do Parafuso*, *Evita*, *Eva Perón*, a obra infantil da autoría de Eisenhower Moreno *Un día de formiga*, que forma parte da triloxía *Musical para nenos*, e o musical *Lolas. As cancións que o nazismo prohibiu*.

Na actualidade centra o seu traballo na cidade de Vigo. É director e propietario, con Roberto Cordovani, do TAL (Teatro Arte Livre) na cidade de Vigo.